- Autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumno e alumna quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.
- Progresividade e consolidación: todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.

Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecemento novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas 9 unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o que os medios dixitais dispoñibles serán moi útiles.

Tamén será importante o tempo adicado á interpretación de documentos útiles para a vida: manuais, receitas, prospectos, formularios...

O acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, para o que se conta co momento lector diario, así como o recollido no proxecto lector do centro. Utilizarase tamén o tirón da música urbana, popular, etc en lingua castelá como vía de acceso ao mundo da poesía.

A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC que con texto, gráficos, imaxes, etc

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Portátiles de alumnado.
Portátil de aula e do profesor ou profesora, e PDI.
Espazo EVA Abalar, cos recursos dispoñibles e elaborados.
Material funxible do alumnado: caderno, lápiz, estoxo, goma...

Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos.
Biblioteca de aula, con libros de consulta e de literatura.
Radio escolar.
Fontes documentais de internet.

O equipo dixital do alumnado será a súa principal ferramenta de traballo, complementada con cadernos para realización de anotacións, exercicios, etc. A disposición da aula facilitará os agrupamentos para equipos de traballo, nos que utilizarán estes recursos básicos, así como a propia comunicación oral. Outros espazos do centro diferentes á súa aula de titoría serán empregados para o desenvolvemento curricular nesta área: programas de radio, representacións teatrais, producións audiovisuais...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para a que se adicarán as catro sesións primeiras, e que constará de:

- Análise dos informes de fin de ciclo sobre cada un dos alumnos e alumnas. Tamén no seu caso, dos informes de alumnado con área non superada no ciclo anterior.
- Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.
- Realización dun texto ditado manuscrito, para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a ortográfica.
- Redacción dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade de redacción, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía.
- Redacción dun texto escrito dixital (en ordenador) para avaliar a súa competencia dixital neste medio que será o habitual no curso.
- Valoración dun texto literario escrito, no que deberá definir o seu formato (prosa ou poesía), explicando as razóns, e expresando a idea principal do texto, así como algunha figura literaria empregada no mesmo.
- Lectura dun texto: para avaliar a súa velocidade lectora e comprensión de textos escritos.
- Avaliación de aspectos gramaticais: para coñecer o nivel de adquisición de conceptos gramaticais por parte do alumnado.

Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno nas unidades didácticas programadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	12	11	11	11	11	11	100
Proba escrita	33	30	30	37	28	33	32	30	30	32
Táboa de indicadores	67	70	70	63	72	67	68	70	70	68

Criterios de cualificación:

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes asignadas. Haberá proba escrita en cada UD, cuxa nota acadará a porcentaxe correspondente. As táboas de indicadores terán referencia a diferentes actuacións, relacionadas coa obtención de información sobre o grao de aprendizaxe adquirido.

Ao final de cada trimestre, unha vez avaliadas as unidades didácticas, obterase a media, e darán a nota da avaliación. Para a cualificación final levarase a cabo unha avaliación continua, sendo a nota do derradeiro trimestre a que coincida coa cualificación final.

Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalguna unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non foron adquiridas. Para iso contaremos coa mestra en primeiro lugar, e na medida das dispoñibilidades asignadas pola Dirección, das horas de profesorado con dispoñibilidade horaria ou profesorado de PT/AL. Das catro sesións semanais, haberá unha adicada a reforzar e afondar no xa traballado, e aproveitarase para incidir nestas necesidades puntuais. Terán unha organización de grupos de traballo, que permitan autoxestionar a actividade un grupo de alumnos e alumnas, mentres outros poderán recibir axuda máis concreta. No comezo do segundo e terceiro trimestre adicarase algunha sesión a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou a cualificación suficiente. No último período de curso, despois da última unidade, realizaranse actividades de carácter colectivo nas que poderán poñer en práctica o aprendido no curso, e servirán como recuperación nos casos que o precisen.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o Departamento de Orientación e o equipo directivo.

Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:

- A dispoñibilidade de profesorado a maiores do titor, entendendo que dende a Xefatura de Estudos se poidan asignar horas de apoio doutro profesorado. Esta dispoñibilidade ven definida trimestralmente polas necesidades existentes en cada grupo. Contando con horario dispoñible, este aproveitarase para reforzar aspectos nos que presentan dificultades os alumnos e alumnas que así o evidenciaron na avaliación.
- O profesorado especialista de PT ou AL de ser o caso, e se así o determina o Departamento de Orientación.
- O modelo de traballo por equipos de maneira colaborativa permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que os máis capaces axudan aos que teñan dificultades.
- O entorno dixital no que nos desenvolvemos facilita que cada alumno ou alumnas realice tarefas graduais e moduladas acorde ás súas capacidades, puidendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais. Nas sesións estaremos pendentes de asignar tarefas que consideremos realizables por cada alumno/a.
- O docente, nas actividades de grupos, prestará especial atención ao alumnado con máis dificultades, e asignará maior responsabilidade aos que se desenvolven con maior solvencia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento.	X	X				X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.			X				X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual).	X	X				X	X	
ET.6 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	

	UD 9
ET.1 - Emprendemento.	X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X
ET.3 - Educación para a paz.	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual).	
ET.6 - Educación emocional e en valores.	

Observacións:

A área de Lingua Castelá e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nas tarefas organizadas dende a biblioteca.	Para conmemorar o día do libro, organízase dende a biblioteca distintas actividades e promoverase o proxecto sobre o comic , no que se vai animar ao alumnado á súa participación.	X	X	X
Visita dun autor ou actividade sobre dinamización lectora.	Visita dun especialista para fomentar a lectura.		X	

Observacións:

A biblioteca escolar será o centro das actividades que se levarán a cabo en relación ás áreas das linguas. Ademais cada trimestre se levará a cabo da lectura dun libro a nivel aula para poder traballar a lectura en voz alta así como a comprensión lectora do mesmo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Integración activa nas actividades grupais da totalidade do alumnado.
Avaliación positiva nunha porcentaxe de alumnado superior ao 85%.

Metodoloxía empregada
Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade.
Medidas de atención á diversidade
Integración do alumnado con NEAE nas actividades de clase, con ou sen apoios de profesorado complementario.
Clima de traballo na aula
Grao de motivación continuada do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de coordinación entre os dous mestres/as do nivel.
Grao de coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna.
Outros
Grao de participación do alumnado nas actividades voluntarias (mínimo 50%).
Nivel de intervención activa do alumnado en debates, cun mínimo do 80%.
Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía co mestre/a.

Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado dos dous grupos. Isto require unha perfecta coordinación entre as dúas mestras do ciclo, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

>Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.

>Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.

Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

>Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.

>Grao de adquisición de competencias na área.

>Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.

>Deseño claro de criterio de avaliación que perfile con claridade os mínimos esixidos.

>Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.

>Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.

>Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.

>Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.

>Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.

>Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial dos dous grupos, que condicionará as actuacións dende o principio.

Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas.

Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.

No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010162	CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia	Narón	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	5º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

1. Introducción

O CEIP Plurilingüe Ponte de Xuvia é un centro de Educación Infantil e Primaria que actualmente está constituído por 11 unidades, debido a un desdobre en 5º e 6º de EP. Hai unha matrícula de 175 alumnos e alumnas (41 en EI e 134 en EP) e un claustro de 19 mestres e mestras dos cales tres son compartidos con outros centros educativos.

O centro conta con xornada única e non ten servizo de transporte nin de comedor. Ten dous edificios de dúas plantas, un para educación infantil e outro para educación primaria. O primeiro edificio acolle ademais biblioteca, aula de música, pequena sala do profesorado e aula de A.L. Cóntase cun ximnasio cuberto para EF e onde, ante a falta dun salón de actos, se acollen determinadas celebracións, no caso de que as condicións climatolóxicas impidan facelo no exterior. A falta de espazo é algo evidente, polo que unha das aulas de EP serve como sala de reunións do claustro e do Consello escolar.

O centro está situado no concello de Narón (preto de 40.000 habitantes), na provincia de A Coruña, próximo á ría de Ferrol. A súa economía está relacionada cos sectores industrial e servizos, aínda que tamén hai unha estreita relación co sector naval debido a súa proximidade a Ferrol. O colexio, polo tanto, é o típico dunha sociedade inserida na zona costeira semi-rural con pequenas explotacións familiares agrícolas e gandeiras, pequenas empresas, comercios, ... e preto dunha grande industria (Megasa).

O alumnado é maioritariamente de clase media, aínda que tamén hai nenos/as máis desfavorecidos (unha minoría) e ao mesmo tempo algún caso de clase social máis alta. Hai moi poucos casos de alumnado pertencente a grupos minoritarios.

O grupo de 5º EP está repartido en dúas clases: 5ªA, con 13 nenos/as e 5º B, con 14. O 96.43% do alumnado acadou os obxectivos do curso anterior.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	ABOUT ME	O corpo e descripcións: aparencia física, personalidade e habilidades. Rutinas diarias.	20	40	X		
2	LET'S GO SHOPPING	Lugares de pobos e cidades. Direccións. Roupa e accesorios. Alimentos. Tempo libre.	30	39		X	
3	LIFE THEN AND NOW	Países e nacionalidades. A vida no pasado e plans de futuro. Profesións.	50	26			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	ABOUT ME	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos.	PE	45
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes.		
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns.	TI	55
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Realización, de maneira guiada, de a actividades de autoavaliación e coavaliación.		
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
- Técnicas de aprendizaxe.
- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.
- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.
- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	LET¿S GO SHOPPING	39

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos.	PE	50
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Producir textos breves con axuda, usando recursos físicos ou dixitais.		
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns.	TI	50
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Saudar, despedirse e formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, con axuda, recursos físicos ou dixitais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais. - Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Léxico e expresións básicas e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. - Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira. - Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.

UD	Título da UD	Duración
3	LIFE THEN AND NOW	26

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos.	PE	50
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos.		
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns.	TI	50
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Saudar, despedirse e formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	Apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais. - Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar. - Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe. - Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación de dereitos de autoría. - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Estratexias, técnicas e métodos:

- Salvo raras excepcións, utilización da lingua inglesa durante todas as sesións.
- Aprendizaxe seguindo modelos da mestra, do auxiliar de conversa e de recursos multimedia.
- Utilización por parte da mestra de xestos e linguaxe non verbal para axudar á comprensión do alumnado.
- Priorizaranse as tarefas que impliquen intercambios orais e que servirán como modelo para actividades escritas.
- Proporcionarlle ao alumnado un ambiente relaxado, familiar e seguro respectando o seu ritmo de aprendizaxe e valorando a súa participación utilizando a lingua inglesa.

Espazo e agrupamento:

- A maior parte das tarefas serán realizadas en gran grupo: TPR, xogos de expresión oral, vídeos, actividades interactivas...
- Tarefas de intercambios orais en parellas, seguindo modelos.
- Realización de proxectos en grupos pequenos (3 ou 4).
- Ademais da aula poderán utilizarse o patio, a biblioteca e o parque situado diante do centro.
- En canto ás tarefas individuais, o alumnado utilizará o mesmo espazo e agrupamento que teñan habitualmente na aula.
- Pequenos agrupamentos para xogos e actividades de comunicación oral co auxiliar de conversa.

Estrutura das sesións:

- Presentación e práctica de vocabulario e estruturas por medio de diferentes recursos: intercambios orais, contos, vídeos, xogos, cancións, actividades interactivas, actividades TPR, dramatizacións de situacións comunicativas...
- Tarefas individuais ou proxectos en pequeno grupo.
- Parabéns e canción de aniversario cando coincida.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material audiovisual e informático de aula.
Recursos educativos.
Material do alumnado.

Material audiovisual e informático da aula:

- Portátil de aula conectado a internet por cable.
- Proxector e EDI.

Recursos educativos:

- EVA (Proxecto Edixgal): libros dixitais e publicación de actividades interactivas seleccionadas e/ou elaboradas con diversas páxinas web e plataformas (Liveworksheets, Plickers, Kahoot, Quizizz, LearningApps, Educaplay, Wordwall), presentacións, vídeos, fichas de ampliación e reforzo, probas escritas.
- Tarxetas de vocabulario (imaxes e palabras).
- Libros en inglés.
- Xogos: dominós, bingos, cartas, tarxetas...

Material do alumnado:

- Caderno.
- Portátil en préstamo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase ao longo do mes de setembro atendendo aos contidos traballados no curso pasado. Levarase a cabo mediante diferentes tarefas:

- Interaccións orais: preguntas e respostas en gran grupo, diálogos en pequeno grupo.
- Actividades interactivas individuais e en grupo clase.
- Actividades escritas: no caderno e no EVA.

Os resultados obtidos na mesma serán tidos en conta no deseño das tarefas e actividades que se se vaian desenvolvendo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	30	50	100
Proba escrita	45	50	50	49
Táboa de indicadores	55	50	50	51

Criterios de cualificación:

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, informando ao alumnado e aos pais das cualificacións obtidas.
 PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación sistemática do traballo do alumno: utilización da lingua inglesa na aula, participación e esforzo.
- Intercambios orais: preguntas / respostas, diálogos.
- Actividades específicas de cada unidade: interactivas, fichas, no caderno.
- Proxectos: Traballos escritos e/ou orais de elaboración propia (presentacións, gravación de audios, documentos de texto)
 - Tests: en papel e/ou cuestionarios online na plataforma EVA.
 - Probas orais e de lectura en voz alta.

A cualificación trimestral e final da área de lingua estranxeira obterase do peso de cada unidade segundo o apartado 3.1 e da ponderación dos criterios de avaliación de cada unidade especificados no apartado 3.3 desta mesma programación.

Criterios de recuperación:

Procedementos a seguir no caso de alumnado que non avance ao ritmo da maioría do grupo:

- Apoio individualizado por parte da mestra.
- Axuda de compañeiros/as.
- Actividades de repetición.
- Fichas de reforzo: en papel e/ou interactivas.
- Redución de tarefas seleccionando as que mellor se adapten ao alumnado.
- Adaptación dos tempos de realización das tarefas.

6. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade:

- Actividades de extensión para aqueles nenos/as máis capaces ou receptivos: xogos, contos, actividades interactivas, axuda a compañeiros/as.
- Presentación das mesmas actividades de formas diferentes: apoio visual, con xestos, repeticións, dramatizacións, ...
- Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe: adaptación dos tempos, selección de tarefas, adaptación de materiais.
- De ser necesario consultarase ao departamento de orientación sobre as medidas a tomar.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X
ET.2 - Os dereitos da infancia.	X	X	X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos.	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Teatro en inglés.		X	
Conmemoracións	Festas que se celebran en países de fala inglesa: Halloween, Christmas, Easter...	X	X	X
Cultura doutros países	India: Modo de vida, costumes, conmemoracións, ...	X	X	X

Observacións:

Ao longo do curso poderanse programar actividades propostas polo concello e/ou polos equipos docentes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.

Metodoloxía empregada
Deseñáronse actividades variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre todo o equipo docente do grupo de alumnado.

Descrición:

A resposta das seguintes preguntas servirá para reflexionar sobre a miña actuación co alumnado.

- As tarefas propostas facilitan a participación de todo o alumnado?
- Utilízanse ferramentas TIC?
- Facilítase a aprendizaxe autónoma?
- Foméntase o traballo colaborativo?
- Houbo coordinación entre o profesorado do grupo?
- A temporalización das secuencias didácticas foi axeitada?

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

Aspectos da programación a valorar:

- Adecuación dos materiais utilizados.
- Adecuación da planificación.
- Medidas de atención á diversidade.
- Uso das TIC.
- Inclusión de temas transversais.
- Actividades de carácter interdisciplinar.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010162	CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia	Narón	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	5º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	37
4.2. Materiais e recursos didácticos	38
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	38
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	39
6. Medidas de atención á diversidade	39
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Produce textos orais coherentes e coa fluidez adecuada.		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Respecta os medios de comunicación como transmisores de información.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos que se poidan producir nos medios de comunicación.	TI	70
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Escribe correctamente, atendendo aos principios de puntuación e acentuación e empregando vocabulario novo e comprende a idea principal do que le.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.	Expresa de forma comprensible as ideas principais dun tema, comprendendo o que le e escribe		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información de modo eficiente e responsable.	Amosa hábitos seguros en internet		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Emprega vocabulario novo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso dunha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Procesos: interacción oral. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, a información relevante e a integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais. - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet. - Procesos: produción oral - Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais. - Xéneros discursivos - Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz. - Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación. - Procesos: comprensión lectora - Lectura grupal ou individual de textos literarios e non literarios con entoación e ritmo progresivamente fluídos. - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos en lingua galega.

Contidos

- Procesos: produción escrita
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais básicas.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Galega e Literatura ten un carácter esencialmente instrumental, e, xunto coas áreas de Lingua Castelá e Lingua Inglesa, está presente tamén nunha porcentaxe das demais áreas curriculares. É a nosa ferramenta indispensable de comunicación, de transmisión de coñecementos, e por tal motivo ten un carácter esencialmente social.

Deste xeito defínense unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no quinto curso:

- Aprendizaxe cooperativa: o deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc que potencian o desenvolvemento da linguaxe. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas

- Aprendizaxe significativa: as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade.

- Ensinanza individualizada: complementariamente ao traballo cooperativo, os e as docentes proporcionaremos tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos en función das súas capacidades e necesidades.

- Entorno multimedia: a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros. Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintos soportes de maneira equilibrada.

- Autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumnado quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.

- Progresividade e consolidación: todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.

Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecemento novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas 9 unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o que os medios dixitais disponibles serán moi útiles.

Para desenvolver a alfabetización mediática e informacional, adicarase unha porcentaxe de tempo non inferior ao 25% á aprendizaxe e práctica de procura de información, de coñecemento da organización dos contidos (en biblioteca, en internet, en sitios web específicos...) no proceso de construción do coñecemento de forma activa por parte do alumnado.

Tamén será importante o tempo adicado á interpretación de documentos útiles para a vida: manuais, receitas, prospectos, formularios...

O acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, para o que se conta co momento lector diario, así como o recollido no proxecto lector do centro. Utilizarase tamén o tirón da música urbana, popular, etc en lingua galega como vía de acceso ao mundo da poesía.

A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC con texto, gráficos, imaxes, etc

Ademais, de ser preciso para o bo desenvolvemento da aprendizaxe, poderase requirir ao alumnado que completen ou realicen actividades na casa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Portátiles de alumnado
Portátil de aula e do docente, e PDI
Espazo EVA Abalar, cos recursos dispoñibles e elaborados
Material funxible do alumnado: caderno, lápiz, estoxo, goma...
Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos.
Biblioteca de aula, con libros de consulta e de ficción. Periódico La Voz de Galicia todos os mércores.
Radio escolar
Fontes documentais de internet

O equipo dixital do alumnado será a súa principal ferramenta de traballo, complementada con cadernos para realización de anotacións, exercicios, etc. A disposición da aula facilitará os agrupamentos para equipos de traballo, nos que utilizarán estes recursos básicos, así como a propia comunicación oral.

A plataforma EVA Edixgal facilita a comunicación docente/discente nas asignacións de tarefas, e servirá tamén como instrumento de avaliación.

Outros espazos do centro diferentes á súa aula de titoría serán empregados con regularidade para o desenvolvemento curricular nesta área: programas de radio, representacións teatrais, producións audiovisuais...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para a que se adicarán as catro sesións primeiras, e que constará:

- Análise dos informes de fin de ciclo sobre cada un dos alumnos e alumnas. Tamén no seu caso, dos informes de alumnado con área non superada no ciclo anterior.
- Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.
- Realización dun texto ditado manuscrito, para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a ortografía.
- Redación dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade de redación, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía.
- Redación dun texto escrito dixital (en ordenador) para avaliar a súa competencia dixital neste medio que será o habitual no curso.

- Valoración dun texto literario escrito, no que deberá definir o seu formato (prosa ou poesía), explicando as razóns, e expresando a idea principal do texto, así como algúnha figura literaria empregada no mesmo.
 - Lectura dun texto escrito, para avaliar a velocidade lectora e a comprensión do mesmo.
 - Avaliación de aspectos gramaticais para ver os coñecementos previos do alumnado neste eido.
- Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno/a nas unidades didácticas programadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	12	11	11	11	11	11	100
Proba escrita	30	38	30	35	30	32	35	33	30	33
Táboa de indicadores	70	62	70	65	70	68	65	67	70	67

Criterios de cualificación:

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes asignadas. Haberá unha proba escrita nunha das últimas sesións de cada UD, cuxa nota acadará a porcentaxe correspondente.

As táboas de indicadores terán referencia a diferentes actuacións, relacionadas coa obtención de información sobre o grao de aprendizaxe adquirido e aplicaranse tamén sobre exercicios e actividades escritas.

Todos estes indicadores recollidos nos cadernos de control do profesor/a, sumarán puntuación ata acadar a porcentaxe correspondente.

Ao final de cada trimestre, unha vez avaliadas as tres unidades didácticas, obterase o promedio das tres, e darán a nota da avaliación nese trimestre. A avaliación será continúa polo que a cualificación final será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgunha unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non foron adquiridas. Realizarase a través do mestre ou mestra de área, e de ser preciso contarase co profesorado con dispoñibilidade horaria ou cos especialistas de PT e/ou AL se así o considera o Departamento de Orientación. Terán unha organización de grupos de traballo, que permitan autoxestionar a actividade un grupo de alumnos e alumnas, mentres outros poderán recibir axuda máis concreta.

No comezo do segundo e terceiro trimestre adicarase algunha sesión a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou a cualificación suficiente. No último período de curso, despois da unidade didáctica 9 (así como ao final de cada trimestre), realizaranse actividades nas que poderán poñer en práctica o aprendido no curso, e servirán como recuperación nos casos que o precisen.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o Departamento de Orientación e o Equipo Directivo.

Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:

- Profesorado con dispoñibilidade horaria. Este aproveitarase para reforzar aspectos nos que presentan dificultades os alumnos e alumnas que así o evidenciaron na avaliación.
- O profesorado especialista de PT e/ou AL, de ser o caso e se así o determina o Departamento de Orientación.
- O modelo de traballo por equipos de maneira colaborativa permite asignar funcións acordadas coas capacidades de

cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que o alumnado máis capaz axude ao que amose dificultades.

- O entorno dixital no que nos desenvolvemos facilita que cada alumno ou alumna realice tarefas graduais e moduladas acorde ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais. Nas sesións estaremos pendentes de asignar tarefas que consideremos realizables por cada alumno/a.
- O docente, nas actividades de grupos, prestará especial atención ao alumnado con máis dificultades, e asignará maior responsabilidade aos que se desenvolven con maior solvencia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento	X	X				X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X				X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	X	X				X	X	
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	

	UD 9
ET.1 - Emprendemento	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X
ET.3 - Educación para a paz	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	
ET.6 - Educación emocional e en valores	

Observacións:

A área de Lingua Galega e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nas actividades realizadas desde a biblioteca	Participación nas diversas propostas da biblioteca.	X	X	X
Visita dun autor ou dinamización lectora	Visita dun especialista en dinamización lectora sobre un libro lido na hora de lectura.			X
Visita ao teatro.	Visita a unha función de tatro no Pao da Cultura.	X		

Observacións:

A biblioteca escolar proporá diversas actividades que se levarán a cabo en relación ás áreas das linguas. Ademais, levararase a cabo a lectura dun ou máis libros a nivel aula para poder traballar a lectura en voz alta así como a comprensión lectora do mesmo.

No primeiro trimestre sempre imos ao Pazo da Cultura a ver unha obra de teatro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Integración activa nas actividades grupais da totalidade do alumnado
Medidas de atención á diversidade
Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade
Integración do alumnado con NEAE nas actividades de clase, con ou sen apoios de profesorado complementario.
Clima de traballo na aula
Nivel de intervención activa do alumnado en debates, cun mínimo do 80%
Grao de motivación continuada do alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de coordinación entre os docentes do nivel
Grao de coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno e alumna
Outros
Grao de participación do alumnado nas actividades voluntarias (mínimo 50%)
Avaliación positiva nunha porcentaxe de alumnado superior ao 85%
Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía co mestre/a

Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado. Isto require unha perfecta coordinación entre os/as mestres/as do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

- Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.
- Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.

Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

- Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.
- Grao de adquisición de competencias na área.
- Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.
- Deseño claro de criterio de avaliación que profile con claridade os mínimos esixidos.
- Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.
- Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.
- Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.
- Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.
- Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.
- Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inical, que condicionará as actuacións dende o principio.

Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, así coma a avaliación, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas. Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico, os contidos dados e instrumentos.

No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010162	CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia	Narón	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	5º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	31
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	31
6. Medidas de atención á diversidade	32
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	34
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	35
9. Outros apartados	35

1. Introducción

O currículo vixente na área de matemáticas determina unha liña de traballo baseada na comprensión conceptual e dos procedementos a través da manipulación e a experimentación que será respectada e concretada nesta programación.

Foi elaborada polo profesorado que imparte este curso en función das liñas pedagóxicas do centro e dos criterios e das medidas adoptadas polo claustro de profesorado.

Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

Número de alumnas e alumnos e distribución:

O nivel conta cun total de 27 alumnos e alumnas divididos en dúas clases. O nivel de 5º agrupará en 5º A a 13 estudantes e en 5º B a 14.

Análise dos resultados do curso anterior:

Todo o alumnado procede do 2º ciclo de EP. Os nenos/as que presenten dificultades recibirán axuda tanto da mestra titora como dos apoios.

Nos informes finais de ciclo faise mención ao nivel de adquisición da competencia matemática que corrobora o citado anteriormente en canto ás cualificacións.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		2-3	2-4
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			1-3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrita, gráfica, multimodal e a terminoloxía matemática apropiadas, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas	1-2-3-5		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os números	Esta primeira proposta do curso é globalizada, permite establecer conexións coa vida cotiá e con outras áreas. Favorece o traballo cos diferentes sentidos matemáticos e evita abordar os contidos de forma illada e descontextualizada. Trátase dun enfoque intradisciplinar e integrador. Coa proposta "Os números", o alumnado poderá traballar nas matemáticas combinando diversos recursos. Farase a través do traballo en equipo, individual e grupal a expresión de actitudes positivas ante os retos matemáticos, a identificación de situacións problematizadas relacionadas con este ámbito, a resolución de problemas cotiás relacionados co reconto, a estimación de	20	25	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os números	cantidades, a organización e análise de datos da vida diaria para representar manipulativa e graficamente o resultado.	20	25	X		
2	Os decimais e fraccións	Esta segunda proposta é multidisciplinar, permite establecer conexións con outras áreas. Ten un enfoque intra e interdisciplinar, pois favorece tamén o traballo en conexión cos diferentes sentidos matemáticos evitando centrarse en contidos matemáticos de forma illada e descontextualizada. Farase, usando recursos diversos, a través do traballo en equipo, recoñecendo as achegas de mulleres e homes no ámbito matemático, realizando conxecturas matemáticas simples e investigando patróns, propiedades e relacións, describindo pequenas rutinas e actividades, explicando ideas e procesos, identificando características mensurables dos obxectos, medindo e estimando medidas, elaborando hipóteses de posibles solucións a problemas propios dese contexto.	15	25	X		
3	Medidas lonxitude, capacidade e masa	Esta festa tradicional galega permite o enfoque globalizador. As matemáticas teñen múltiples posibilidades de traballo nesta proposta onde de novo poderemos facer un traballo intradisciplinar de conexión entre os diferentes sentidos. A participación respectuosa no traballo en equipo establecendo relacións baseadas no respecto e a igualdade, as tomas de decisión conxuntas, as medicións e estimacións de medidas relacionadas con actividades reais e cotiás, cos tempos das celebracións, datas... o uso dos principios básicos do pensamento computacional, as estratexias de cálculo, a resolución de problemas contextualizados, a organización e representación de datos, mesmo os procedentes da busca de información... aparecerán interrelacionadas ao longo de toda a proposta.	15	20		X	
4	Medidas superficie e tempo	Esta unidade ten un enfoque intra e interdisciplinar, pois favorece o traballo en conexión cos diferentes sentidos matemáticos. A proposta contextualiza o traballo da aula e úneo ao cotiá evitando centrarse en contidos matemáticos de forma illada. A organización do traballo en equipo, o recoñecemento das contribucións de mulleres e homes neste eido, a investigación de patróns, propiedades e	20	25		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Medidas superficie e tempo	relacións de forma guiada, a busca de regularidades, a descrición de actividades que se realicen paso a paso, a identificación de situacións problemáticas relacionadas con medidas e superficie e tempo aparecerán tentando unirse.	20	25		X	
5	Xeometría	Entender e empregar as matemáticas na vida diaria é a finalidade desta proposta. As relacións entre os sentidos e procesos matemáticos e a vida cotiá convértena nunha unidade moi integrada na que o sentido espacial, o da medida, o estocástico, o numérico e o socioemocional teñen moita presenza. A xeometría dos recursos, materiais e elementos; a análise de estratexias e traxectorias; as estratexias de medidas; a recollida, clasificación e reconto de datos; a estimación de resultados e tempos; o traballo en equipo e o respecto ás persoas; o manexo de diversas situacións emocionais, as actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas serán algúns dos aspectos que se abordarán.	15	25			X
6	Plano e espazo	Esta última proposta permitirá traballar de forma integrada todos os sentidos matemáticos nun contexto cotiá para o alumnado. Poderá deseñarse de múltiples formas: saída pola contorna, deseño de rutas con puntos de interese, excursión de fin de curso... As conexións entre os coñecementos matemáticos amosan que o traballo pode inserirse nun campo integrado; abre posibilidades de relacións con outras áreas usando contextos reais que contribúen á funcionalidade e comprensión das aprendizaxes. A resolución de problemas, o fomento da argumentación e a comunicación, a representación espacial, a probabilidade, a realización de gráficos, a organización e clasificación de datos e a perseveranza na busca de solucións serán algúns dos campos de traballo.	15	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os números	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	PE	30
CA5.4 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	Obter con axuda posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.		
CA5.6 - Formular novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.	Formular con axuda novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.		
CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	TI	70
CA1.2 - Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.		
CA1.3 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.		
CA1.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.		
CA1.6 - Formular novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.	Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.		
CA1.8 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.		
CA1.9 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Comunicar con axuda en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.		
CA4.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Iniciarse na formulación de conxecturas matemáticas sinxelas.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.	Empregar con axuda ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.		
CA5.1 - Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións baseadas no respecto, a igualdade e a resolución de conflitos.		
CA5.3 - Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	Producir representacións matemáticas a través de esquemas ou diagramas que axuden na resolución dunha situación problematizada.		
CA5.8 - Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.		
CA6.1 - Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.		
CA6.4 - Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Participar na repartición de tarefas respectando as responsabilidades asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.		
CA6.6 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contaxe - Estratexias para contar e recontar istematicamente e a súa adaptación do cálculo ao tamaño dos números a partir da manipulación e representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 999.999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos. - Realización de series ascendentes e descendentes como elemento facilitador do cálculo mental e aceptación do erro como unha oportunidade de aprendizaxe. - Cantidade - Lectura, escritura, ordenación e representación con materiais manipulativos e a recta numérica de números naturais ata o 999.999 e decimais ata as centésimas. - Identificación, lectura, escritura, ordenación e representación de números enteiros en textos e contextos familiares e habituais. - Estimacións, aproximacións razoadas e redondeo de cantidades con números ata o 999.999 e decimais (ata as centésimas) en problemas cotiás resoltos con estratexias diversas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Sentido das operacións

Contidos

- Estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e os procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade para a aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.
- Resolución de problemas contextualizados que impliquen a comprensión da utilidade das operacións aritméticas con números naturais, decimais e fraccións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados.
- Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración, expresión da solución de forma clara, ordenada e coas unidades correctas, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos con explicitación do proceso seguido.
- Resolución de problemas contextualizados con operacións aritméticas combinadas (con números naturais, decimais e fraccións) con atención á súa xerarquía, aplicando as súas propiedades, as estratexias con flexibilidade e sentido e os procedementos de cálculo mental, estimacións, algoritmos ou calculadora que se precisen segundo a natureza do cálculo e a súa complexidade.
- Creación e formulación de problemas que se resolvan mediante operacións aritméticas (con números naturais, fraccións e decimais) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias.
- Uso de calculadora como recurso para a autocorrección de resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso, para a investigación de patróns e propiedades numéricas e como procedemento útil en cálculos complexos.
- Construción manipulativa e gráfica de cadrados como produto de factores iguais, investigando patróns e propiedades, como introdución ás potencias e medidas de superficie.
- Relacións
- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (naturais ata o 999 999 e decimais ata a centésima) e as súas equivalencias; aplicación nas relacións que xera nas operacións.
- Comparación e ordenación de números naturais, decimais e fraccións con igual denominador como solución de problemas de situacións cotiás, con interpretación e expresión do resultado exacto ou estimado da comparación e uso adecuado da simboloxía das relacións numéricas.
- Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre as operacións aritméticas de suma e multiplicación, suma e resta, resta e división, multiplicación e división, fracción e división; aplicación en contextos cotiás.
- Construción manipulativa e gráfica con pezas de construción, regras, cuadrículas, tramas de puntos e divisores para investigar a relación de divisibilidade. Utilización da táboa de multiplicar para identificar múltiplos e divisores e a relación entre eles.
- Investigación e comprobación da relación entre fraccións sinxelas (metade, cuarto, décimo), decimais (0,5, 0,25, 0,10) e porcentaxes (50 %, 25 % e 10 %) en situacións cotiás.
- Razoamento proporcional
- Resolución de problemas da vida cotiá seguindo os procesos e as estratexias adecuadas, que impliquen o uso de porcentaxes: rebaixas, contidos nos alimentos envasados, análise deportiva, votacións...
- Educación financeira
- Identificación de situacións da vida cotiá que requiran dun manexo responsable do diñeiro: a cesta da compra, o aforro, os gastos domésticos, os salarios, as necesidades básicas, as marcas, a calidade e o prezo.
- Resolución individual ou en equipo de problemas en situacións cotiás que requiran unha correcta administración do diñeiro e consumo responsable, con análise crítica das relacións valor/prezo, calidade/prezo, mellor prezo, con emprego de propostas sobre ofertas e rebaixas, para comparar e elixir a mellor opción nunha compra simulada.
- Formulación e resolución de problemas de índole financeiro que impliquen a elección dun produto, a análise das relacións valor/prezo e calidade/prezo, e a xustificación da decisión tomada.

Contidos

- Relacións e funcións
- Comparación de números, operacións e as súas propiedades con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ($=$, $?$, $>$,
- Obtención de datos sinxelos descoñecidos representados por medio dun símbolo ou completado de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.
- Organización e análise de datos
- Identificación de datos cuantitativos e cualitativos da contorna próxima que podemos rexistrar e cuantificar.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Autorregulación das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas.
- Recursos e estratexias para autorregular as emocións implicadas na frustración ante tarefas matemáticas, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe, fixación de metas e obxectivos realistas e alcanzables, autocontrol e adestramento positivo.
- O reforzo verbal, a participación, a gradación das dificultades e a identificación de fortalezas como recursos para desenvolver un autoconcepto positivo ante as matemáticas desde unha perspectiva de xénero.
- Estratexias para desenvolver a autoestima como medio para superar dificultades e afrontar os retos matemáticos con maior seguridade.
- Realización de investigacións matemáticas individuais ou en equipo para fomentar a curiosidade, o interese, o pensamento autónomo e crítico e a iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital e físico como adestramento da perseveranza, a confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e o gusto polas matemáticas.
- Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado.
- Fomento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, desenvolvendo a capacidade de adaptarse ou cambiar de estratexias, estimulando o razoamento, con valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe e reforzo dos logros.
- Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade
- Expresión de actitudes empáticas inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, mostrando actitudes de comprensión das emocións e experiencias das demais persoas e de sensibilidade e respecto pola diversidade presente na aula.
- Os equipos colaborativos e cooperativos heteroxéneos, mixtos e diversos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa e empática, responsabilidade e exibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo: estratexias e dinámicas cooperativas.
- Estratexias de planificación, control e organización do traballo en equipo para xestionar o tempo, a realización de tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea, a avaliación do funcionamento do equipo e a xestión de conflitos.
- Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
2	Os decimais e fraccións	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	Obter algunhas posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas con axuda.	PE	35
CA1.6 - Formular novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.	Formular novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente con axuda.		
CA1.9 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Comunicar en algún formato as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.	Empregar a calculadora na investigación e resolución de problemas.		
CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos de maneira xeral.	TI	65
CA1.2 - Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	Comprender con axuda problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.		
CA1.3 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección con axuda.		
CA1.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Formular algunhas conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.	Empregar con axuda ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.		
CA1.8 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Iníciase na utilización das conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.		
CA4.1 - Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.		
CA4.2 - Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
